

Probas selectivas para ingresar, por concurso-oposición e promoción interna, en dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia convocadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de outubro de 2022 (BOPG núm. 401, do 26 de outubro de 2022).

PRIMEIRO EXERCICIO

1.- Segundo o artigo 11 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas correrán a cargo:

- a) Dos propios deputados.
- b) Do Parlamento de Galicia.
- c) Os deputados están exentos de cotización ao abeiro do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

2.- Respecto da subvención regulada no artigo 27 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios:

- a) Levarán una contabilidade específica.
- b) Anualmente darán conta á Mesa do Parlamento de Galicia dos gastos realizados.
- c) Anualmente, publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o destino da subvención.

3.- Segundo o acordo da Mesa do Parlamento do 15 de marzo de 2006, e posteriores, sobre o réxime económico dos/as deputados/as e grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, as subvencións finalistas outorgadas aos grupos parlamentarios teñen como fin:

- a) Afrontar os custes salariais e de seguridade social derivados da contratación de persoal en cada grupo parlamentario.
- b) Afrontar gastos correntes.
- c) Afrontar calquera tipo de gasto.

4.- Respecto das comisións de investigación, ao abeiro do artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia, poderase crear de xeito automático:

- a) Unha única comisión de investigación por lexislatura de o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.

- b) Unha comisión de investigación por grupo parlamentario de o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario.
- c) Sempre que o soliciten as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.

5.- Segundo establece o artigo 43 do Estatuto do Persoal do Parlamento de Galicia, non é unha situación administrativa:

- a) Expectativa de destino.
- b) Suspensión de funcións.
- c) Baixa por incapacidade temporal.

6.- Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, o contido das declaracións sobre actividades e bens será:

- a) Privado, para salvagardar a intimidade dos declarantes.
- b) Público, a través do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e do Portal de transparencia da Cámara.
- c) Accesible unicamente previa solicitude formulada para exercer o dereito de acceso á información pública prevista no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

7.- Segundo o artigo 11 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o Parlamento de Galicia, en relación coa súa actividade económico-financeira, publicará:

- a) As contías globais das indemnizacións por razón do servizo que resulten aplicables ao persoal empregado público.
- b) A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos.
- c) O período medio de pagamento a provedores.

8.- Segundo o artigo 25 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, ao corpo de xestión do Parlamento de Galicia correspóndenlle:

- a) As funcións de asistencia e asesoramento facultativo superior propio da especialidade correspondente e mais a elaboración de informes, estudos, desenvolvementos técnicos, proxectos normativos e propostas, así como o exercicio de funcións directivas na Administración da Cámara segundo se determine na relación de postos de traballo.
- b) As funcións de asesoramento facultativo propio da especialidade correspondente; a xestión administrativa e a elaboración de informes, estudos, desenvolvementos técnicos e propostas; e a xefatura das unidades segundo se determine na relación de postos de traballo.
- c) As funcións de tramitación administrativa e colaboración, preparatorias, complementarias e derivadas de funcións superiores; a atención de secretarías, a asistencia administrativa, a

realización de tarefas de taquigrafía, mecanografía, rexistro, arquivo, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas; traballos de edición e transcripción; e calquera outra semellante ou necesaria para o desenvolvemento delas.

9.- Respecto da Xunta de Persoal, o artigo 61 do Estatuto do Parlamento de Galicia establece que:

- a) A Mesa do Parlamento elaborará o Regulamento de réxime interior da Xunta de Persoal.
- b) A Oficialía Maior elaborará o Regulamento de réxime interior da Xunta de Persoal.
- c) A Xunta de Persoal elaborará o seu propio Regulamento de réxime interior.

10.- Dispón o artigo 1 das Normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia que, para a adxudicación dun posto, exixirase acadar unha puntuación mínima que:

- a) Está fixada nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.
- b) Se fixará na correspondente convocatoria.
- c) Non hai puntuación mínima.

11.- Segundo o artigo 2 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, o sistema de carreira profesional horizontal será de aplicación:

- a) Ao persoal funcionario interino.
- b) Ao persoal laboral temporal do Parlamento de Galicia.
- c) Ao persoal eventual.

12.- Segundo o artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, as causas de extinción do contrato consignadas validamente no contrato:

- a) Operan de forma automática.
- b) As causas só son válidas cando non constitúen manifesto abuso de dereito por parte do empresario.
- c) Poderán ser obxecto de reclamación contencioso-administrativa.

13.- Respecto do persoal laboral, os dereitos individuais regulados no artigo 76 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia:

- a) Serán de aplicación ao persoal laboral en canto tales dereitos non veñan regulados na súa normativa laboral específica.
- b) Non son aplicables ao persoal laboral, que se acollerá aos dereitos regulados na súa normativa laboral específica.
- c) Serán sempre de aplicación ao persoal laboral.

14.- Ao abeiro da distribución de competencias recollidas no Regulamento de organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia, a competencia para crear, modificar e suprimir unidades administrativas correspóndelle á:

- a) Presidencia, por ostentar a superior dirección da administración parlamentaria.
- b) Mesa do Parlamento.
- c) Oficialía Maior, por ostentar a xefatura da administración parlamentaria.

15.- O Regulamento de organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia atribúe a competencia residual respecto daqueles asuntos que non estean atribuídos a outro órgano á:

- a) Mesa do Parlamento.
- b) Presidencia, por ser o máximo representante da cámara.
- c) Oficialía Maior, por ostentar a xefatura da administración parlamentaria.

16.- O Regulamento de Organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia determina que os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa son:

- a) Os ditados pola Mesa do Parlamento e pola Presidencia do Parlamento.
- b) Os ditados pola Mesa do Parlamento unicamente.
- c) Os ditados pola Mesa do Parlamento, Presidencia do Parlamento e Oficialía Maior.

17.- De conformidade coa disposición adicional segunda do Regulamento de Organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia, son órganos administrativos:

- a) A Mesa do Parlamento, a Presidencia da Cámara e a Oficialía Maior.
- b) A Mesa do Parlamento e a Presidencia da Cámara unicamente.
- c) O Pleno, a Mesa do Parlamento e a Presidencia da Cámara.

18.- Naquelas materias en que sexa posible a presentación dunha declaración responsable ante unha administración pública por parte do interesado, o artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, di que a súa sinatura por aquel implica:

- a) Que está disposto a cumprir cos requisitos exixidos na normativa cando se lle requira.
- b) Que cumpre cos requisitos exixidos na normativa e que dispón da documentación que así o acredita.
- c) Que cumpre cos requisitos exixidos na normativa e non terá que presentar en ningún momento a documentación acreditativa.

19.- Cando dunha resolución administrativa, ou de calquera outra forma de finalización do procedemento administrativo previstas na Lei 39/2015, naza unha obriga de pago derivada dunha sanción pecuniaria, multa ou calquera outro dereito que deba de abonarse á Facenda pública, este efectuarase preferentemente, agás que se xustifique imposibilidade de facelo, empregando algún dos medios seguintes (art. 98.2 da Lei 39/2015):

- a) Tarxeta de crédito e débito, transferencia bancaria, domiciliación bancaria e calquera outros que se autoricen polo órgano competente.
- b) Ingreso efectivo na Caixa de Tesouraría ao tratarse de sanción pecuniaria ou multa.
- c) Soamente vía transferencia bancaria.

20.- Ao abeiro do artigo 26 do Regulamento de organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia, os convenios de colaboración que subscriba o Parlamento de Galicia deben ser:

- a) Previamente autorizados pola Mesa do Parlamento en todo caso.
- b) Previamente autorizados pola Mesa do Parlamento cando supoñan obrigas económicas superiores ás contías previstas na lexislación de contratos do sector público respecto da contratación menor.
- c) Previamente revisados pola Xunta de Voceiros e autorizados pola Mesa do Parlamento.

21.- É trámite preceptivo da subscrición dos convenios ao abeiro do artigo 50.1 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poda indicar:

- a) A existencia de memoria xustificativa da necesidade, oportunidade, impacto económico, carácter non contractual e cumprimento dos requisitos legais.
- b) A existencia de informe xurídico.
- c) A aprobación previa polo órgano competente.

22.- Conforme ao artigo 48 do Decreto legislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma conterán:

- a) O estado de gastos e o estado de ingresos da administración xeral da Xunta de Galicia.
- b) O estado de gastos, o estado de ingresos e os estados financeiros da administración xeral da Xunta de Galicia.
- c) O estado de gastos, os estados de ingresos, e os estados financeiros dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros e os das sociedades públicas autonómicas, entes de dereito público e demais entidades con personalidade xurídica propia que formen parte do sector administracións públicas segundo o sistema europeo de contas.

23.- Segundo o artigo 46 bis do Decreto legislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os principios da xestión económica financeira que deben rexer aos suxeitos que integran o sector público autonómico son:

- a) Legalidade na actuación e sostenibilidade económica.
- b) Anualidade, legalidade e sostenibilidade económica.
- c) Cumprimento da eficacia na consecución dos obxectivos fixados, da eficiencia na asignación e emprego de recursos públicos, nun marco de obxectividade e transparencia na súa actividade administrativa.

24.- A diferenza entre as modificacións orzamentarias de crédito extraordinario e suplemento de crédito é:

- a) Que o crédito extraordinario someterase á Mesa do Parlamento e o suplemento de crédito é aprobado pola Presidencia.
- b) Que o crédito extraordinario procede cando non exista crédito ningún.
- c) Que as fontes de financiamento do crédito a dotar son diferentes.

25.- Segundo o Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia a incorporación de remanentes de créditos ao orzamento de gastos do exercicio inmediato seguinte NON é posible respecto dos:

- a) Créditos que amparan compromisos de gastos por operacións correntes contraídas antes do último mes do exercicio, e que por causas xustificadas, non puidesen realizarse durante aquel.
- b) Créditos sen recursos para o seu financiamento.
- c) Créditos extraordinarios, suplementos de crédito ou transferencias concedidas ou autorizadas no último mes do exercicio, e que por causas xustificadas, non puidesen empregarse durante este.

26.- As normas reguladoras dos pagamentos a xustificar, aprobadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 8 de abril de 2019 establecen:

- a) Un importe máximo das ordes de pagamento de 5.000,00 € por preceptor e partida orzamentaria.
- b) Que o preceptor dos fondos sexa necesariamente un xefe de servizo.
- c) A aprobación pola Intervención do Parlamento.

27.- A fiscalización desfavorable pola Intervención será un reparo suspensivo no caso de:

- a) Insuficiencia de crédito ou procedemento non axeitado, nos casos de omisión de requisitos esenciais ou cando se estime que de continuarse pode causarlle quebrantos económicos á institución.
- b) Soamente no caso de insuficiencia de crédito por non ser materialmente posible continuar a xestión.
- c) Soamente no caso de omisión de requisitos esenciais

28.- A conta xeral do Parlamento de Galicia segue o procedemento que se indica ao abeiro do artigo 23 do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia:

- a) 1º Fórmase pola Intervención do Parlamento, 2º envíase ao Consello de Contas de Galicia e 3º publícase no Boletín oficial do Parlamento de Galicia.
- b) 1º Fórmase pola Tesouraría do Parlamento, 2º sométese á aprobación da Mesa do Parlamento, 3º envíase ao Consello de Contas de Galicia.
- c) 1º Fórmase pola Intervención do Parlamento, 2º sométese á aprobación da Mesa do Parlamento, 3º envíase ao Consello de Contas de Galicia e 4º publícase no Boletín oficial do Parlamento de Galicia.

29.- A persoa titular do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia:

- a) Deberá ter a condición de funcionaria do Parlamento de Galicia, posuír a licenciatura ou o título de grao en Dereito e unha experiencia profesional acreditada no eido do Dereito administrativo relacionado directamente coa contratación pública de, cando menos, dez anos.
- b) Deberá posuír a licenciatura ou o título de grao en Dereito e unha experiencia profesional acreditada no eido do Dereito administrativo relacionado directamente coa contratación pública de, cando menos, cinco anos.
- c) Deberá ser unha persoa do Corpo de letrados do Parlamento de Galicia.

30.- Conforme ao Regulamento de Organización e Funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase, polo xeral:

- a) En réxime de concorrencia competitiva.
- b) En réxime de transparencia máxima.
- c) Pola Intervención e Asuntos Económicos.

31.- Segundo o artigo 23 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución dun procedemento de subvención:

- a) Non poderá exceder os seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo máximo ou así veña previsto na normativa da Unión Europea.
- b) Non poderá exceder os dez meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo máximo ou así veña previsto na normativa da Unión Europea.
- c) Non poderá exceder os nove meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo máximo ou así veña previsto na normativa da Unión Europea.

32.- Segundo o artigo 31 do Regulamento de Organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia a xestión dos bens do patrimonio da Cámara correspóndelle á:

- a) Mesa do Parlamento, agás cando se trate de adquisicións de bens mobles cuxo importe se corresponda coas contías establecidas pola lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, que serán competencia da Presidencia do Parlamento.
- b) Presidencia do Parlamento, agás cando se trate de adquisicións de bens mobles cuxo importe se corresponda coas contías establecidas pola lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, que serán competencia da Mesa do Parlamento.
- c) Mesa do Parlamento, agás cando se trate de adquisicións de bens mobles cuxo importe supere as contías establecidas pola lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, que serán competencia da Presidencia do Parlamento.

33.- Segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a obriga de cotizar nace:

- a) Ao mes seguinte da alta no réxime que proceda en cada caso.
- b) Ao mes seguinte da alta no réxime que proceda en cada caso e como límite o último día do mes.
- c) No momento do inicio da actividade correspondente.

34.- Os tipos contractuais da Lei 9/2017, de contratos do sector publico son:

- a) Subministración, concesión de obras e concesión de servizos, obras e servizos.
- b) Servizos e subministración, concesión de obras e concesión de servizos.
- c) Obras, servizos e subministración, concesión de obras e xestión de servizos públicos.

35.- Os contratos de fabricación, polos que a cousa ou cousas que teñan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme a características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos, son contratos:

- a) De subministración.
- b) De servizos.
- c) Mixto, de subministración e servizos.

36. Con carácter xeral, nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas, os licitadores que presenten as mellores ofertas, deberán constituír á disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva por importe de:

- a) 5 por 100 do prezo final ofertado por aqueles, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- b) 3 por 100 do prezo final ofertado por aqueles, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- c) 5 por 100 do prezo final ofertado por aqueles, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

37. O límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario, é:

- a) O prezo do contrato.
- b) O orzamento base de licitación.
- c) O valor estimado do contrato.

38. ¿Que contratos pode adxudicar a Presidencia do Parlamento?:

- a) Os contratos que de acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público teñan a consideración de contratos menores.
- b) Os contratos de obras, servizos e subministracións de contía inferior a 40.000,00 €.
- c) A Presidencia non pode adxudicar contratos.

39. Con carácter xeral, nos contratos de servizos e subministracións das administracións públicas que non estean suxeitos a regulación harmonizada, o prazo para presentar proposicións non será inferior:

- a) A vinte e seis días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante.
- b) A quince días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante.
- c) A quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante.

40. Con carácter xeral, os contratos administrativos, perfecciónanse:

- a) Coa súa formalización.
- b) Coa súa adxudicación.
- c) Coa súa execución.

41. A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estivesen a participar na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato, é:

- a) Unha prohibición de contratar.
- b) Unha causa de resolución dun contrato.
- c) As relacións entre contratista e os seus traballadores son unha cuestión allea ao contrato administrativo.

42. Segundo o artigo 198 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, a Administración terá a obriga de abonar o prezo dun contrato administrativo:

- a) Dentro dos trinta días seguintes á presentación da factura correspondente ao servizo prestado.
- b) Dentro dos trinta días seguintes á conformación da factura polo responsable do contrato.
- c) Dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados.

43. Os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse:

- a) No que respecta á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, polo dereito privado.
- b) No que respecta aos seus efectos, modificación e extinción, polo dereito privado.
- c) No que respecta á súa preparación e adxudicación polo dereito privado, e aos seus efectos, modificación e extinción, polo dereito administrativo.

44. Segundo o artigo 101 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o valor estimado nos contratos de seguros, virá determinado por:

- a) O importe total dos capitais asegurados.
- b) O importe da indemnización pactada.
- c) A prima pagadeira e outras formas de remuneración.

45. Os bens e dereitos integrantes do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse en:

- a) Demaniais ou de dominio público e patrimoniais.
- b) Demaniais ou patrimoniais e os de dominio privado.
- c) Demaniais ou de dominio público e os privativos.

46. Os bens e dereitos de dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia son:

- a) Inalienables, imprescritibles e inembargables e non poden ser obxecto de gravame, carga, afección, transacción ou arbitraje.
- b) Inalienables e inembargables e poden ser obxecto de gravame, carga, afección, transacción ou arbitraje.
- c) Inalienables, imprescritibles e inembargables e poden ser obxecto de gravame, carga, afección, transacción ou arbitraje.

47. A adquisición de bens mobles pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades públicas instrumentais rexese:

- a) Pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Pola lexislación de contratos do sector público.
- c) Polo Estatuto de Autonomía de Galicia.

48. A cesión de bens e dereitos patrimoniais pode ter por obxecto:

- a) A propiedade do ben ou dereito xunto co seu usufruto ou uso.
- b) A propiedade do ben ou dereito ou o seu usufruto, pero nunca só o seu uso.
- c) A propiedade do ben ou dereito, o seu usufruto ou só o seu uso.

49.- De acordo co artigo 72 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais considérase infracción moi grave:

- a) Encargar o tratamento de datos a un terceiro sen a previa formalización dun contrato ou outro acto xurídico escrito co contido esixido polo artigo 28.3 do Regulamento (UE) 2016/679.
- b) Non dispoñer do rexistro de actividades de tratamento establecido no artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679.
- c) A utilización dos datos para unha finalidade que non sexa compatible coa finalidade para a cal foron recollidos, sen contar co consentimento do afectado ou cunha base legal para iso.

50.- Atendendo ao establecido no artigo 2 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2012, polo que se aproban as normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia a responsabilidade sobre os ficheiros correspóndelle:

- a) Ao Parlamento de Galicia.
- b) Ás unidades que se especifiquen para cada un dos ficheiros, ante as que se exercen os dereitos de oposición ao tratamento, acceso, rectificación e cancelación.
- c) Ao Letrado Oficial Maior.

51.- En relación ao artigo 89 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o permiso por lactación:

- a) Consiste no dereito a ausentarse do posto de traballo durante dúas horas diarias.
- b) Pode acumularse total ou parcialmente en xornadas completas e pode facerse uso del en calquera momento despois da finalización do período de duración do permiso por parto, adopción ou acollemento.
- c) Cando os dous proxenitores traballen, o dereito pode ser exercido indistintamente por calquera deles e non pode prorratearse a súa duración.

52.- Establece o artigo 55 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que a aprobación de convocatorias de probas selectivas para o acceso ao emprego público deberá acompañarse de:

- a) Un informe de impacto de xénero, excepto en casos de urxencia.
- b) Un informe de impacto de xénero, en todo caso.
- c) Un proxecto de integración social, en todo caso.

53.- Aendendo ao establecido no artigo 23 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, cal destas afirmacións é INCORRECTA:

- a) Prescribirá aos cinco anos o dereito da Facenda da Comunidade para recoñecer ou liquidar créditos ao seu favor, computándose o citado prazo desde o día no que o dereito puido exercitarse.
- b) Prescribirá aos cinco anos o dereito da Facenda da Comunidade ao cobro dos créditos recoñecidos ou liquidados, que se contará desde a data da súa notificación ou, se esta non fose preceptiva, desde o seu vencemento.
- c) En todo caso o prazo de prescrición será de cinco anos para todos os recursos derivados dos tributos propios da Comunidade Autónoma.

54.- Establece o artigo 49 do Decreto Lexislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia que as clasificacións orgánica e económica informarán:

- a) Sobre os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignen.
- b) Sobre o axente que realiza o gasto e a súa natureza.
- c) Sobre a natureza do gasto e a súa finalidade.

55.- Atendendo ao establecido no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira enténdese por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas:

- a) A situación de equilibrio ou superávit estrutural.
- b) A situación de equilibrio ou superávit na aprobación do orzamento.
- c) A posición de equilibrio financeiro.

56.- Atendendo ao establecido no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira enténdese por sustentabilidade financeira das Administracións Públicas:

- a) Que o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.
- b) A capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.
- c) A capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e estabilidade orzamentaria.

57.- De acordo co artigo 52 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, as pagas extraordinarias, sinala a resposta INCORRECTA:

- a) Serán dúas ao ano, por importe cada unha dunha mensualidade de retribucións básicas e complementarias.
- b) Faranse efectivas nos meses de xuño e decembro.
- c) Serán dúas ao ano, por importe cada unha dunha mensualidade de retribucións básicas e demais complementos que así se determinen.

58.- Segundo o Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia, terá dereito ás prestacións recollidas no mesmo:

- a) O persoal funcionario de carreira e o persoal funcionario eventual ao servizo do Parlamento que leve, como mínimo, nove meses de servizos.
- b) O persoal funcionario interino ao servizo do Parlamento que leve, como mínimo, doce meses en servizo activo.
- c) O persoal ao servizo do parlamento en situación de excedencia forzosa terá dereito cando esta tivese a súa causa no cesamento obrigado no servizo activo por causa dunha redución de postos de traballo nos termos establecidos legalmente.

59.- Atendendo ao acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de decembro de 2018, polo que se aproban as Normas reguladoras do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da administración do Parlamento de Galicia, cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA:

- a) O complemento retributivo no caso de incapacidade de todo o persoal funcionario ou laboral ao servizo do Parlamento incluído no réxime xeral da Seguridade Social, alcanzará o cen por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

b) O complemento retributivo de ata o cen por cento das retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal non será de aplicación ao persoal incluído no réxime de mutualismo administrativo.

c) O complemento retributivo de ata o cen por cento das retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal inclúe os trienios.

60.- De acordo co artigo 8 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, as indemnizacións poden ser:

a) Por servizos extraordinarios.

b) Gastos de viaxe, dietas e indemnización por residencia eventual.

c) Gastos de viaxe e indemnización por residencia habitual.

61.- A determinación das contías para abonar ao persoal do Parlamento de Galicia por indemnizacións por razón do servizo correspóndenlle a:

a) A Mesa do Parlamento.

b) O Pleno do Parlamento.

c) A Presidencia do Parlamento.

62.- O prazo de pagamento, para os efectos do artigo 2.d da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, refírese a:

a) Todos os días hábiles do ano, excluindo do cómputo os sábados, domingos e os declarados festivos.

b) Todos os días naturais do ano.

c) Todos os días naturais do ano con exclusión do mes de agosto.

63.- Segundo o artigo 8 da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cando o debedor incorra en mora o acredor ten dereito ao abono dos intereses de demora que correspondan e a recibir:

a) Unha indemnización por todos os custes de cobro debidamente acreditados co límite de 1.000 euros.

b) Unha indemnización por os custes de cobro de 40 euros, e a reclamar unha indemnización polo resto de custes de cobro que excedan desa cantidade que estean debidamente acreditados e que sufrira a causa desa mora.

c) Unha indemnización por todos os custes de cobro sempre que se producira un aviso previo mínimo de 30 días antes do vencemento do prazo de pago.

64.- Segundo o artigo 129 do Regulamento do Parlamento de Galicia, no exame, na emenda e na aprobación dos orzamentos:

- a) Aplicarase o procedemento lexislativo común e gozará de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Cámara cando así o acorde a Mesa do Parlamento.
- b) Aplicarase o procedemento lexislativo común e gozará de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Cámara.
- c) Aplicarase o procedemento lexislativo especial establecido ao efecto.

65.- As emendas ao proxecto de lei de orzamentos que supoñan aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite si ademais de cumprir os requisitos xerais (artigo 129 do Regulamento do Parlamento de Galicia):

- a) Propoñen un aumento de ingresos de igual contía na mesma sección.
- b) Propoñen unha baixa de igual contía na mesma sección.
- c) Requiren informe favorable da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

66.- Segundo o artigo 7 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior:

- a) Ata o límite global dos seus créditos iniciais, como mínimo, sen prexuízo de practicar os axustes e modificacións que procedan.
- b) Ata o límite global dos seus créditos definitivos, como máximo, sen prexuízo de practicar os axustes e modificacións que procedan.
- c) Ata o límite global dos seus créditos iniciais, como máximo, sen prexuízo de practicar os axustes e modificacións que procedan.

67.- Segundo o artigo 14 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, a xestión do orzamento de gastos se realiza nas seguintes fases:

- a) Autorización, recoñecemento da obriga, ordenación do pagamento e pagamento material
- b) Autorización, compromiso, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento
- c) Autorización, compromiso, recoñecemento da obriga, ordenación do pagamento e pagamento material

68.- Ao abeiro do artigo 117 punto 2 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, a tramitación anticipada de expedientes implica que os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso:

- a) Coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice en unha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte.
- b) Coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, sempre que a súa execución se inicie no mesmo exercicio no que se adxudica.
- c) Coa formalización do correspondente contrato, sempre que o seu pagamento se realice no ano natural seguinte.

69.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade Pública do Estado, o principio contable de devengo significa:

- a) Que as transaccións e outros feitos económicos deberán recoñecerse en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, e non no momento no se produza a corrente monetaria ou financeira derivada de aqueles.
- b) Que todos os feitos contables deben ser rexistrados no oportuno orde cronolóxico, sen que poidan existir baleiros, saltos ou lagoas na información.
- c) Ningunha das anteriores.

70.- Conforme ao artigo 7 da Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a responsabilidade do arquivo e custodia das facturas electrónicas correspóndelle a:

- a) Exclusivamente ao emisor das facturas.
- b) O órgano administrativo destinatario destas.
- c) A Axencia Estatal de Administración Tributaria como órgano competente na aplicación dos tributos.

71.- Enténdese por factura electrónica (artigo 9 e 10 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e a Orde PRE/2794/2011, do 5 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, do 19 de agosto de 2011, polo que se determina o marco de exercicio das competencias estatais en materia de factura electrónica):

- a) Un documento electrónico calquera que cumpre cos requisitos legal e regulamentariamente esixibles ás facturas.
- b) Un documento electrónico que cumpre cos requisitos legal e regulamentariamente esixibles ás facturas e que, ademais garante a autenticidade do seu orixe e a integridade do seu contido.

c) Un documento electrónico que cumpre cos requisitos legal e regulamentariamente esixibles ás facturas e remitido ao destinatario a través do correo electrónico.

72.- De acordo co artigo 134 da Constitución:

- a) A Lei de orzamentos pode crear tributos. Tamén poderá modificalos cando unha lei tributaria substantiva así o prevea.
- b) A Lei de orzamentos non pode crear tributos. Poderá modificalos cando un regulamento tributario así o prevea.
- c) A Lei de orzamentos non pode crear tributos. Poderá modificalos cando unha lei tributaria substantiva así o prevea.

73.- Segundo o artigo 4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, a potestade para establecer tributos corresponde a:

- a) Exclusivamente ao Estado, mediante lei. As comunidades autónomas e as entidades locais poderán establecer e esixir tributos de acordo coa Constitución e as leis.
- b) Exclusivamente ao Estado, mediante lei. As comunidades autónomas e as entidades locais so poderán establecer e esixir tributos previa autorización regulamentaria do Estado.
- c) Exclusivamente ao Estado, mediante lei. As comunidades autónomas e as entidades locais so poderán establecer e esixir tributos previa regulación regulamentaria.

74.- Segundo o artigo 14 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, a regra xeral de imputación temporal dos rendementos do traballo para os efectos do imposto da renda das persoas físicas é:

- a) Se imputan ao período impositivo no que se perciban, salvo as cantidades non satisfeitas cando estean pendentes de resolución xudicial que será cando a sentenza adquira firmeza.
- b) Se imputan ao período impositivo no que sexan esixibles, salvo as cantidades non satisfeitas cando estean pendentes de resolución xudicial que será cando a sentenza adquira firmeza.
- c) Se imputan ao período impositivo a libre elección do perceptor, salvo as cantidades non satisfeitas cando estean pendentes de resolución xudicial.

75.- Constitúe o feito imponible do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas a renda do contribuínte composta por (artigo 6 Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas):

- a) Os rendementos do traballo, do capital, de actividades económicas, as ganancias e perdas patrimoniais e resto de imputacións de renda que se establezan por lei.
- b) Os rendementos do traballo, do capital, as ganancias e perdas patrimoniais e resto de imputacións de renda que se establezan regulamentariamente.

c) Os rendementos do traballo, del capital, de actividades económicas, as ganancias e perdas patrimoniais e resto de rendas que non tributen ao imposto de sociedades.

76.- Ao teor o artigo 90 de la Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido, o tipo impositivo aplicable a cada operación será:

- a) O vixente no momento do devengo.
- b) O vixente no momento do encargo ou na sinatura do contrato.
- c) O vixente no momento da emisión da factura previo acordo das partes implicadas.

77.- Segundo o artigo 8 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia NON é un requisito para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira.

- a) Superación do proceso selectivo correspondente.
- b) Nomeamento pola presidenta ou o presidente da Cámara e publicación do nomeamento no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia.
- c) Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo e de gardar e facer gardar a Constitución e o Regulamento do Parlamento Galicia.

78.- O convenio subscrito polo Parlamento coa Dirección Xeral da Seguridade Social para os membros do Parlamento de Galicia en relación á acción protectora indica que, sinale a resposta INCORRECTA:

- a) Abarca a totalidade da acción protectora do Réxime Xeral con excepción da continxencia de desemprego e o fondo de garantía salarial.
- b) A alta na Seguridade Social efectuarase respecto aos deputados calquera que fose o réxime de dedicación.
- c) Os deputados perden a condición de beneficiarios do convenio cando cesen no mandato parlamentario ou cando adquiren a condición de pensionistas por xubilación ou incapacidade permanente.

79.- Establece o artigo 9.1.e do Regulamento de Organización e Funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia que nos expedientes disciplinarios, a Oficialía maior, como xefe de persoal da administración parlamentaria:

- a) Propón as medidas disciplinarias.
- b) Resolve os expedientes disciplinarios.
- c) Resolve os recursos ás resolucións dos expedientes disciplinarios.

80.- A lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas (art.40 e ss), determina que as notificacións de actos administrativos poderá practicarse por medios non electrónicos nos seguintes supostos:

- a) Cando a notificación se realice coa ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese intre.
- b) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario enviar o acto administrativo a través de servizos contratados a empresas de mensaxeira.
- c) Actualmente non é posible a notificación por medios non electrónicos.

Preguntas de reserva

R1.- A actuación administrativa en xeral dos órganos legislativos autonómicos axustarase, segundo a disposición adicional 22ª da Lei 40/2015:

- a) Directamente á normativa xeral do Estado
- b) En primeiro lugar á normativa autonómica para tal efecto, e supletoriamente á normativa estatal.
- c) Á normativa específica aprobada por estes órganos, no marco dos principios legais estatais.

R2.- Segundo o artigo 47 da Lei 40/2015, un convenio de colaboración non pode ter como contido:

- a) Consecución de fins comúns correspondentes coa competencia das partes.
- b) Compromisos concretos das partes, inclusive os de índole financeira.
- c) Prestacións propias dos contratos.

R3.- A prórroga dos orzamentos da Xunta de Galicia, de non estar aprobada a lei de orzamentos xerais polo Parlamento de Galicia antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba aplicarse, prodúcese (art. 54 Decreto legislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia):

- a) De xeito automático.
- b) De xeito tácito.
- c) De xeito expreso por acordo do órgano competente.

R4.- A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 17 de decembro de 2018, acorda aplicar un complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal de xeito que complemente ata o cen por cento das súas retribucións ordinarias. Este complemento será aplicable ao seguinte persoal:

- a) Todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Parlamento de Galicia.
- b) Todo o persoal, funcionario ou laboral, bolseiros e deputados, ao servizo do Parlamento de Galicia.
- c) Exclusivamente ao persoal funcionario ao servizo do Parlamento de Galicia.

R5.- As resolucións do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia:

- a) Esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso en alzada ante o Tribunal de Recursos Administrativos de Galicia.
- b) Non esgotan a vía administrativa e contra elas poderase recorrer en alzada ante a Mesa do Parlamento.
- c) Esgotan a vía administrativa e contra elas poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa.